

Primaria

# Ciencias Sociais 3

Programación

## Unidade 1

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

A familia, os amigos e o colexio.

### Descrición da unidade

Desde que nacemos estamos rodeados de persoas que nos coidan, alimentan e queren. Nesta primeira unidade didáctica afondarase nos principais axentes de socialización nos que nos vemos inmersos as persoas; é dicir, a familia, os amigos, os veciños e o colexio.

Os devanditos contidos trátanse de acordo coa seguinte secuencia didáctica, que é a que se suxire para ter un eixe condutor sobre o que fundamentar o proceso de ensino-aprendizaxe:

- Da familia estudaremos os compoñentes da árbore xenealóxica e a importancia de compartir as tarefas domésticas entre todos os membros da unidade familiar.
- A continuación, veremos o concepto de amizade e o de comunidade a partir dos amigos e os veciños.
- Seguidamente, tratarase o colexio, a súa organización, a súa finalidade e as diferentes funcións que desempeñan cada un dos integrantes da comunidade educativa.
- Nas últimas páxinas consideraremos dúas tarefas competenciais co fin de adquirir o logro das competencias básicas en relación cos contidos tratados ao longo da unidade, así como un repaso da unidade para afianzalos.

Todos estes axentes de socialización, a través de normas cívicas e de convivencia, terán como valor e razón de ser fundamental o desenvolvemento de hábitos e actitudes solidarias e cooperativas.

### Temporalización:

Setembro     Outubro

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Explicar a organización familiar e a súa estrutura.
- Identificar as funcións que desenvolven os membros da unidade familiar.
- Concienciarse do ámbito familiar de pertenza, dos valores que fundamentan a vida en familia e das tarefas domésticas que realizan os seus integrantes.
- Coñecer a comunidade de veciños e o círculo de amizades e identificar os valores e sentimentos que rexen a convivencia humana.
- Identificar e recoñecer a función educativa e de aprendizaxe da institución escolar.
- Coñecer e actuar acorde ás normas que rexen a convivencia humana.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• A familia: aproximación ao concepto de familia e aos diferentes tipos de unidade familiar.</li> <li>• Desenvolvemento de valores e normas que rexen a convivencia na familia.</li> <li>• A convivencia na vida familiar. Colaboración e realización de tarefas domésticas.</li> <li>• Veciños e amigos. A comunidade de veciños, as amizades e as normas de convivencia que a rexen.</li> <li>• O colexio: a comunidade escolar. A organización do colexio. O colexio como lugar onde aprender. O colexio como lugar onde convivir; as normas de convivencia e responsabilidade no seu cumprimento.</li> <li>• As normas cidadás: normas que favorecen a convivencia con moita xente, familia, amigos, veciños e demais cidadáns da nosa localidade.</li> </ul>	1. Explicar a organización familiar e a estrutura dos compoñentes da árbore xenealóxica.	1.1. Recoñece e identifica os compoñentes da súa familia e toma conciencia da súa árbore xenealóxica.
	2. Adquirir conciencia do ámbito familiar, dos valores que fundamentan a vida en familia e das tarefas domésticas que realizan os seus membros.	2.1. Explica cales son os valores e os sentimentos sobre os que se asenta a vida en familia. 2.2. Adquire conciencia da necesidade de participar activamente na realización das tarefas domésticas como unha obriga persoal.
	3. Adquirir conciencia de ámbitos como a veciñanza e os amigos, identificando os valores e os sentimentos nos que se fundamentan as relacións entre eles para unha adecuada convivencia.	3.1. Describe os valores nos que se basean as relacións dentro da comunidade de veciños e as súas normas de convivencia. 3.2. Describe os valores nos que se basean as relacións entre os círculos de amizades.
	4. Coñecer e identificar as tarefas e as funcións dos que traballan na comunidade educativa.	4.1. Define persoal docente e persoal non docente no ámbito educativo e respecta as tarefas e funcións de cada un.
	5. Recoñecer a función do colexio como lugar para a aprendizaxe.	5.1. Recoñece e é consciente das diferentes actividades que se desenvolven no centro educativo.
	6. Adquirir hábitos de convivencia entre todos os membros da comunidade educativa.	6.1. Desenvolve destrezas e pautas para participar e estratexias para resolver conflitos na vida escolar.
	7. Coñecer as principais normas de convivencia cidadá e viaria.	7.1. Coñece as formas e normas correctas de convivencia cidadá.
	8. Respetar as normas de convivencia que rexen a convivencia na localidade.	8.1. Asume e pon en práctica as normas de convivencia entre amigos e veciños.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Caderno de traballo (CT)

Estándares de aprendizaxe avilables	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Recoñece e identifica os compoñentes da súa familia e toma conciencia da súa árbore xenealóxica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
2.1. Explica cales son os valores e os sentimentos sobre os que se asenta a vida en familia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
2.2. Adquire conciencia da necesidade de participar activamente na realización das tarefas domésticas como unha obriga persoal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
3.1. Describe os valores nos que se basean as relacións dentro da comunidade de veciños e as súas normas de convivencia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
3.2. Describe os valores nos que se basean as relacións entre os círculos de amizades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
4.1. Define persoal docente e persoal non docente no ámbito educativo e respecta as tarefas de cada un.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Proxecto proposto na PD.</li> </ul>
5.1. Recoñece e é consciente das diferentes actividades que se desenvolven no centro educativo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
6.1. Desenvolve destrezas e pautas para participar e estratexias para resolver conflitos na vida escolar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
7.1. Coñece as formas e normas correctas de convivencia cidadá.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
8.1. Asume e pon en práctica as normas de convivencia entre amigos e veciños.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado das actividades e exercicios sen necesidade de axuda.
	Expresar oralmente de forma ordenada e clara, calquera tipo de información.	Explica e expresa opinións e informacións no contexto da aula.
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.	Elaboración dun decálogo sobre normas de convivencia na aula.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Interactuar co contorno de xeito respectuoso.	Desenvolve e reconece actitudes favorables cara á convivencia en diferentes ámbitos: familiar, veciñanza e colexio.
	Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.	Utiliza datos numéricos, algoritmos matemáticos e táboas de datos para resolver de problemas relacionados coas tarefas domésticas.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Encontra información adecuada para resolver as actividades propostas.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza Internet para buscar o significado das palabras así como recursos doutras aprendizaxes.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos para a resolución de problemas da vida cotiá e para organizar a información.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Representa ideas e conceptos en esquemas ou gráficos simples.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá na súa escola.	Compórtase acorde ás normas de convivencia establecidas no centro educativo.
	<i>Educación en valores:</i> Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo para a resolución de conflitos.	Resolve conflitos e situacións problemáticas a través do diálogo acorde a unhas normas establecidas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.

	Actuar con responsabilidade social e sentido ético.	Colabora e participa activamente nas tarefas grupais.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal, social e cultural.	É consciente da necesidade de establecer relacións de respecto e solidariedade con persoas doutras culturas que conviven no seu contorno inmediato.
	Elaborar presentacións e traballos e con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1. Volvemos de vacacións

- Activamos os coñecementos previos sobre o título no LA e suxestións da PD.
- Realizamos a lectura inicial no LA e a interpretación de imaxes segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades propostas tras a lectura no LA e completamos con actividades da PD.

### Tarefa 2: A familia

- Activamos os coñecementos previos segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Introducimos o concepto de familia coas suxestións metodolóxicas na PD e a través do LA.
- Coñecemos que é a árbore xenealóxica e que aspectos rexen a convivencia na familiar a partir do A e as suxestións metodolóxicas da PD.
- Aproximámonos ao concepto de tarefas domésticas e á prevención de accidentes no fogar segundo o A e as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD, e completamos con actividades da PD.

### Tarefa 3: Os veciños e os amigos

- Activación de coñecementos previos a partir de fotografíaas do LA seguindo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Lectura compartida do texto do LA sobre conceptos relacionados cos veciños e os amigos a partir das suxestións metodolóxicas da PD.
- Realización das actividades propostas do LA e do LD, e completamos con actividades da PD.

### Tarefa 4: O colexio

- Introducimos os termos da comunidade escolar segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realización da actividade do epígrafe sobre o colexio «Traballo coa imaxe» do LA.
- Realizamos as actividades propostas no LA e as interactivas da LD.

### Tarefa 5: Tarefas / Competencias

«Un lugar para a convivencia: o fogar»

- Iníciase coa descrición dos personaxes que aparecen na imaxe do LA seguindo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos un traballo de recollida de información nunha táboa similar á do LA.
- Realización das actividades proposta pola tarefa competencial no LA e a PD e completamos con actividades interactivas do LD

«Un lugar para a convivencia: a aula»

- Iníciase coa descrición da imaxe que aparecen na imaxe do LA seguindo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realización das actividades propostas pola tarefa competencial no LA e a PD e completamos con actividades interactivas do LD.

### Tarefa 6: Que aprendemos?

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA.

- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo, como a lectura compartida, parada de tres minutos e mesa redonda. Igualmente, propíciase a explicación de contidos a partir de lapis ao centro ou mapa conceptual compartido.
- Simulación de eleccións (elección de alcalde ou alcaldesa da clase).
- Elaboración dun listado de tarefas domésticas nas que o alumno colabora axudados coa tarefa «Un lugar para a convivencia: o fogar».
- Elaboración dun listado das persoas que colaboran no funcionamento dun centro educativo axudados coa tarefa «Un lugar para a convivencia: a aula».
- Confección das normas de convivencia da clase, analizando as condutas apropiadas e as inapropiadas mediante a actividade «O semáforo dos comportamentos».
- Redacción dun listado de feitos que colaboran no mantemento da limpeza e da orde da localidade onde vives.
- Entrega das medallas á amizade, para favorecer a convivencia na aula.
- Posta en común en gran grupo despois do traballo individual ou grupal.
- Exposición do profesor.

## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias Sociais:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Caderno complementario ao libro do alumno, o caderno de traballo.
- Ademais, propónse a utilización do seguinte material manipulativo para axudar á adquisición dos contidos: material funxible, como cartolinas, plastilina...

### Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Na proposta didáctica recóllense algúns enlaces web puntuais para algúns epígrafes.
- Materiais dixitais da páxina web da editorial con diferentes recursos e actividades.



## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos recursos fotocopiáveis).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?